

## SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA

### ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Praza de España, s/n, 36002, Pontevedra

Código proxecto: PEol-323 AC.

**Asunto:** Alegacións ó Estudo de Impacto Ambiental e á solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Siroco e á súa infraestrutura de evacuación, nos municipios de Cerdedo-Cotobade e Forcarei (provincia de Pontevedra).

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

#### EXPÓN:

Á vista do Anuncio del Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra por el que se somete a información pública la solicitud de Autorización Administrativa Previa y el Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Siroco, de 61'6 MW, situado en el término municipal de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), Parque Eólico Tramontana, de 72'8 MW, situado en los términos municipales de Forcarei y Silleda (Pontevedra), y su infraestructura de evacuación, situada en los términos municipales de Cerdedo-Cotobade, Forcarei (Pontevedra) y Beariz (Ourense), publicado no BOE do 31 de maio de 2021 (nº 129), por medio do presente escrito realiza as seguintes:

#### ALEGACIONES:

1. Que o P.E. Siroco e a súa liña de evacuación é moi **prexudicial para a calidade de vida dos veciños** dos pobos da contorna (parroquias de Santa María de Sacos, San Xurxo de Sacos, Carballado, A Corredoira, Loureiro, Pedre, Castro, Tomonde, Castrelo, etc.). Os diversos impactos (visual, acústico e lumínico) e os campos electromagnéticos terán efectos negativos na saúde física e psicolóxica das persoas.
2. Que o P.E. Siroco **afectará moi negativamente á economía local**, especialmente ó sector forestal e ó turístico, así como ó sector agrogandeiro entre outros.
3. Que as **vivendas e terras da zona perderán valor** por verse encadradas moitas delas dentro da poligonal do parque eólico e polos efectos negativos do mesmo (grande impacto visual e paisaxístico de aeroxeradores e liñas de alta tensión, contaminación acústica e lumínica, perda de calidade de vida, etc.)
4. Que o proxecto do P.E. Siroco **preséntase fragmentado do P.E. Tramontana, xa que os Estudos de Impacto Ambiental se realizan de forma separada para evitar avaliar os impactos de forma conxunta**, cando en realidade se trata dun único gran parque eólico promovido pola empresa Greenalia. Tanto o P.E. Siroco e o P.E. Tramontana, así como outros da mesma promotora, conectaranse á SE do P.E. Penizas e usarán a liña de evacuación Penizas-Paraño. Esta liña de evacuación tamén se valora por separado do P.E. Siroco. Cómpre lembrar ao respecto da división artificial de proxectos a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES:TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020.
5. Que na área na que se sitúa o P.E. Siroco existen parques eólicos en funcionamento, como o do Seixo-Cando, e moitos proxectos en tramitación ou autorizados (Dos Cotos, Coto do Carballal, Monte Aguado, Monte do Pé, Porto Vidros, Campo das Rosas, Pico Touriñán, Touriñán III-2, Rosa dos Ventos, As Penizas, Pedra Longa, Cabanelas, Borreiro, Anduriña, Acibal, Zudreiro...) que tamén son promovidos por outras empresas diferentes a Greenalia. No proxecto **non se estudan os efectos acumulados e sinérxicos de todos os parques da zona existentes e futuros**. Hai que ter en conta o que di ao respecto a xurisprudencia (Sentencia doTSJ Castilla y León de Burgos, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S de 13 de Julio de 2012 e Sentencia del TS 345/2018, de 5 de marzo).
6. Que o proxecto se sitúa nunha **zona natural de altísimo valor**, encadrándose entre dúas áreas da **Rede Natura 2000**, os Lugares de Interese Comunitario(LIC) "Río Lérez"(ES1140002) e "Serra Cando" (ES1140014), declarados tamén Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) e Zonas de Especial Conservación (ZEC). Estas áreas veríanse seriamente afectadas polos impactos deste proxecto na súa avifauna protexida, que non entende de límites xeográficos. Tamén se verán afectados **hábitats de interese comunitario prioritario** como o HIC 4020\* Brezales húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix.

7. Que o P.E. Siroco é **incompatible coa fauna local** pola existencia de **especies vulnerables** (aves e morcegos). Téñase en conta as Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia.
7. Que a zona na que se pretende implantar o P.E. Siroco e a súa liña de evacuación ten unha **riqueza patrimonial e cultural moi grande que se verá gravemente afectada**. Véxase todo o patrimonio arqueolóxico presente (castros, mámoas, petróglifos...), arquitectónico, etnográfico ou inmaterial. Téñase en conta a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
8. Que o proxecto **non supón un retorno económico relevante** para a zona nin se garante a creación de emprego.
9. Que un proxecto empresarial emprazado nos montes comunais e parcelas privadas **non pode plantexarse sen ter en conta ós propietarios e veciños afectados**.
10. Que os **Montes Veciñais en Man Común afectados son de utilidade pública** e ofrecen á sociedade uns servizos ecosistémicos e sociais moi importantes que se verían seriamente danados pola construción do parque e a liña de alta tensión.
11. Que non se presenta un estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas. Os grandes movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a construción do parque eólico e a liña de evacuación **poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica** dándose unha afección severa ós recursos hídricos. Téñase en conta a **Directiva Marco dá Auga (DMA)**.
12. Que o **Estudo de Impacto Ambiental presenta incoherencias coa Lei de Avaliación Ambiental (Lei 21/2013)**. Por exemplo: deficiencias na análise de alternativas, carencias no inventario ambiental, só se valoran os impactos da solución proposta. Ademais, no EIA non se valoran correctamente os impactos, minimizando as afeccións negativas e sobrevalorando os impactos positivos.
13. Que o **Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) non se adapta ó Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020)**, tamén presenta defectos na metodoloxía. O P.E. Siroco tería un **impacto paisaxístico severo**, afectando gravemente á paisaxe que supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social.
14. Que as infraestruturas do P.E. Siroco se sitúan nas inmediacións do **Observatorio Astronómico de Cotobade** e terían un impacto nefasto no funcionamento do mesmo. A subestación, que se localiza a escasos 200 metros do Observatorio, emitirá contaminación lumínica que afectará gravemente á observación astronómica.
15. Que o P.E. Siroco se proxecta sobre **áreas de sensibilidade ambiental máxima** da *Zonificación ambiental para la implantación de energías renovables: eólica y fotovoltaica* do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico.
16. Que o proxecto do P. E. Siroco atópase situado **fóra das Áreas de Desenvolvemento Eólico** establecidas na ordenación sectorial da Xunta de Galicia.

En virtude de todo o anterior,

#### **SOLICITA:**

1.- Que se teñan en conta as súas alegacións e se rexeite o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Siroco e a súa infraestrutura de evacuación situado nos municipios de Forcarei e Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra) (Código de proxecto: PEol-323 AC.), e a súa retirada definitiva pola incompatibilidade coa saúde e calidade de vida dos veciños, coa economía local, cos valores ambientais, paisaxísticos, naturais e patrimoniais presentes na área de afección do proxecto; pola fragmentación das infraestruturas eólicas aos efectos ambientais e a falla de licenza social.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo.: \_\_\_\_\_